

## **MEDIDAS DO PLANO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CURSO 2007/2008 APROBADAS POLA COMISIÓN DE SEGUIMENTO NA REUNIÓN DO DÍA 15/10/2007**

1. Comunicación formal da Comisión de Seguimento (CS) aos organismos oficiais da UDC convidándoos a utilizaren a lingua galega na súa actividade ordinaria (Enviar ás direccións dos centros e departamentos, Consello Social e Valedor universitario).
2. Proposta da CS ao goberno da UDC para que inclúa cláusulas de uso da lingua galega nas concesións dos servizos, nos contratos e nas actividades dos organismos xestionados pola Universidade, con seguimento do seu cumprimento (Escrito ao reitor con copia ao xerente e ao secretario xeral).
3. Edición en lingua galega dun mínimo do 15% de volumes publicados durante este curso polo Servizo de Publicacións da UDC (Escrito ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación con copia ao director do Servizo de Publicacións).
4. Solicitud da CS aos centros e departamentos para que durante este curso elaboren e comuniquen á comisión unha oferta de créditos a impartir en lingua galega que permita para o curso 2008/09 ir avanzando no obxectivo fixado no PNL de alcanzar como mínimo un terzo da docencia en lingua galega en cada área e titulación (con excepción das áreas filolóxicas). Ao mesmo tempo, proposta ao vicerreitor de Profesorado para que arbitre algún tipo de redución, só por un ano, a aquel profesor ou profesora que por primeira vez se incorpore á docencia en galego e expresamente o solicite (Escrito ás direccións dos centros e departamentos, e ao vicerreitor de Profesorado).
5. Comunicación da CS á Xerencia e á Vicerreitoría de Profesorado para que nas convocatorias de prazas da UDC se inclúa debidamente nos baremos de puntuación a demostración de competencia suficiente en lingua galega e se arbitren os medios para que esta poida ser garantida (Escrito ao xerente e ao vicerreitor de Profesorado).
6. Comunicar aos diferentes servizos da UDC que tomen as medidas necesarias na súa organización interna para garantiren a utilización do galego como idioma de inicio na atención ao público (Escrito a todos os xefes/as de servizos, xefes/as de negociado e administradores/as).
7. Deseño e divulgación, antes de finalizar o primeiro trimestre do curso, dunha campaña de animación ao uso do galego nas aulas dirixida ao alumnado e ao profesorado.
8. Realización no mes de febreiro dunha campaña de difusión dos dereitos lingüísticos entre toda a comunidade universitaria (folleto e cartaces divulgativos).
9. Reunión da CS coas comisións de normalización dos centros e con representantes daqueles centros onde estas non existiren para coordinar actuacións, impulsar planos de normalización en cada un deles e propor ás direccións dos centros a inclusión de contidos de/en galego (arredor do mes de xaneiro).
10. Realización no mes de marzo de reunións ou mesas redondas con representantes de empresas e institucións da localidade (Asociacións de veciños, Asociacións de hostaleiros, Concellos da Coruña e Ferrol, Deputación, Deportivo, Asociación Cultural Alexandre Bóveda etc.) co obxectivo de fomentar o uso do galego na cidade e organizar actividades conxuntas.
11. Realización de calquera tipo de curso de formación en lingua galega que sexa solicitado por un mínimo de 12 persoas pertencentes aos diferentes colectivos de persoal da UDC.
12. Oferta dun curso de formación *on line* de lingua galega para todo o persoal da UDC.
13. Selección, adquisición e entrega ás comisións dos centros das áreas tecnolóxicas e sanitaria de manuais e outras obras básicas de referencia desas especialidades en lingua portuguesa, previa consulta cos expertos na materia.
14. Elaboración por parte do SNL durante o ano 2008 doutros vocabularios específicos que a CS considere máis necesarios neste momento.
15. Edición dun folleto que recolla unha síntese gramatical do galego para ser distribuída entre todo o persoal da UDC.
16. Convocatoria dunha axuda de 4.000 euros para a realización dunha revista científica de calidade en lingua galega ou en galego e inglés, primando aquelas áreas máis deficitarias no relativo ao uso do galego na investigación.
17. Comunicado institucional da UDC arredor do Día das Letras Galegas (17 de maio) para mostrar o seu compromiso coa defensa e potenciación da lingua galega.
18. Escrito dirixido á Xerencia instándoa a dotar o SNL do persoal necesario para o cumprimento das súas funcións.